

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 22 | MAIO 2011

De súpeto resulta factíbel o que durante anos ía supor a fin da sociedade industrial: o abandono da enerxía nuclear e o adeus ás enerxías fósiles. Partidos políticos e organizacións ecoloxistas compiten por saber quen propón a alternativa máis audaz. Seica teñen razón os Verdes? É posíbel un "capitalismo verde"? Ou está espido o emperador?

THADEUS PATO
German RSB
(Revolutionary Socialist League) e membro do International Bureau da IV Internacional

O NOVO TRAXE VERDE DO EMPERADOR

O 'capitalismo verde' ou a cuadratura do círculo

O conto da "enerxía limpa"

Ou ben os protagonistas do "new deal verde" ou do "cambio socioecolóxico" non saben de números, ou ben, como é máis probábel, non queren facer a suma. A afirmación de que co abandono das enerxías fósiles e do uranio –malia que con respecto ao petróleo e ao gas se manifesten con palabras moi ambiguas– é un paso decisivo cara a unha orde económica "verde" e sustentábel, é pura charlatanería. Lembremos algúns datos:

Coa excepción das centrais de biogás –e estas, coidado, única e exclusivamente se funcionan con materiais que non proceden de cultivos agrarios destinados especificamente a iso (nese caso o balance ecolóxico resulta catastrófico), senón exclusivamente con refugallo–, todos os materiais que serven para xerar enerxía teñen un efecto climático máis ou menos negativo. O uso de enerxías "verdes" comporta sen dúbida unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, pero de ningunha maneira unha xeración de enerxía climáticamente neutra.

O 20 % dos seres humanos deste mundo, concretamente os que habitan nos países industriais, consomen ao redor do 80 % da enerxía que se xera actualmente. Un terzo da poboación mundial aínda non ten acceso a formas de enerxía comerciais.

O "Earth overshoot day" ou o día do ano en que a humanidade consumiu matematicamente os seus recursos de todo o ano –non só os enerxéticos– e a partir do cal non aproveitamos os recursos naturais dun xeito sustentábel, caeu o ano pasado no mes de agosto, e cada ano adiantase un pouco máis: podemos dicir que a partir de agosto comemos o planeta. Isto non se resolve realmente se o único que facemos é mudar de dieta.

Non cabe ningunha dúbida de que o abandono inmediato da tecnoloxía nuclear –e non só da enerxía atómica– representaría todo un logro para o movemento de defensa do ambiente e do clima, e hai que

facer todo o posíbel por alcanzar este obxectivo. Pero con iso non se resolve o problema de fondo: unha pequena parte da humanidade vive por riba do nivel que permiten os medios –ecolóxicos– deste planeta. E os demais?

Racismo encuberto

A destrución do ambiente e a mudanza climática que provoca non é un problema nacional. Con todo, o enfoque dos "ecorrenovadores" ignora este feito. Se nos tomamos en serio a afirmación de que estamos pola "xustiza global", entón habería que extrapolar a demanda enerxética dos países industrializados ao resto do mundo e asegurar que quede cuberta. Isto sería absolutamente imposíbel incluso utilizando enerxías "verdes", non só porque aceleraría enormemente a mudanza climática –as fontes de enerxía alternativas tampouco saen de balde desde o ollar climático–, senón tamén porque non existen os recursos naturais necesarios para iso. O aumento exorbitante do prezo das materias primas é consecuencia da escaseza –que xa é bastante perentoria en determinados casos, como no das terras raras– dos materiais que se precisan, entre outras cousas, para a produción de paneis solares, os compoñentes electrónicos, etc. E que acontecería se estendésemos tamén todo o tráfico actual dos países industriais a todo o mundo e alimentásemos eses vehículos con electricidade?

Por conseguinte, o tan celebrado "cambio enerxético" só é unha solución se se cumpre unha condición –que os seus defensores non expresan, por suposto–: que o resto do mundo siga vivindo como até agora, é dicir, que siga sendo explotado. Isto, con todo, e como mostran os exemplos da China e da India, non está a acontecer, pois o club deixou de ser exclusivo.

Capitalismo sustentábel?

Un exemplo da "Gran Depresión" dos anos trinta do século pasado ilustra moi ben por que o capitalismo e a sustentabilidade son incompatíbeis: un economista estadounidense propuxo naquel intre supe-



rar a crise mediante o que chamou a "obsolescencia programada", é dicir, estipulando por lei unha duración limitada dos produtos para manter sempre en marcha a produción e o consumo. Non se decatou de que as empresas xa o estaban a falar ás agachadas. Debido a que a orde económica capitalista necesita o crecemento, practica a obsolescencia sistemática: a maioría dos produtos poderían durar sen problemas cinco a dez veces máis se non se limitase sistematicamente a súa "vida útil" a un determinado período. E isto non é unha "aberración" do sistema, senón unha necesidade imperiosa para que poida seguir funcionando.

Na produción agraria xa podemos comprobar como a tendencia á industrialización e a capitalización

da agricultura repercute no rendemento e a calidade da terra; así, cada día pérdese máis chan cultivábel que o que é posible habilitar.

A pregunta de como se pode evitar a ameaza do desastre climático e as súas secuelas non ten que ver coa posibilidade ou non de saciar a sede de enerxía da sociedade sen combustíbeis fósiles nin uranio. O que importa é o balance global ecolóxico. E este indícanos que en todos os eidos –xeración enerxética, produción industrial e agricultura– xa impera o canibalismo planetario. Isto implica, en toda lóxica, que hai que volver a un nivel de produción e consumo que permita garantir unha produción e un consumo sustentábeis. E isto é exactamente o contrario do que caracteriza ao sistema actual, a saber, o crecemento sen límites.

Xustamente esta forma de crecemento cuantitativo é á que hai que renunciar se non queremos destruír a ecosfera e con ela as bases da vida, pero a economía capitalista non pode renunciar a el. É indispensábel reinvestir no sistema os beneficios xerados para seguir producindo a calquera prezo, teña sentido ou non desde o punto de vista ecolóxico; o castigo será a destrución.

Forzas produtivas e forzas destrutivas

Por suposto que pode existir un capitalismo sen enerxía nuclear. Desde logo que é posíbel un capitalismo con enerxías renovábeis, e a longo prazo o señor Capital non terá máis remedio que tirar por ese vello. Pero isto non responde á cuestión esencial, que poderíamos formular así: é capaz unha sociedade capitalista de manter globalmente unha economía sustentábel? A resposta dánnola 200 anos de capitalismo industrial: na historia da humanidade non existe ningún outro exemplo dunha organización social como a capitalista que en tan pouco tempo causase un desastre ecolóxico –e tamén social– tan grande que mesmo pon en cuestión a supervivencia da especie.

O sistema é flexible, adáptase ás novas circunstancias. O sector que máis medra actualmente é a industria ambiental, na que se inviste alegremente, coa tácita condición de que o obxectivo principal ten que consistir en manter en pé os niveis actuais de produción e consumo –e os hábitos correspondentes. Esa será entón a vinganza do capital: teremos enerxía verde, que será ben cara, e a destrución do ambiente seguirá o seu curso.

A transformación das forzas produtivas capitalistas en forzas destrutivas, da que falou unha vez Karl Marx, xa é unha realidade desde hai tempo. O intento de inventar un capitalismo sustentábel, que non necesite o crecemento, non é máis que unha nova procura da cuadratura do círculo. Por iso o emperador verde vai espido. ●

•INFO: www.vientosur.info



PARO XUVENIL, PROTESTA SOCIAL E AUSTERIDADE FISCAL NEOLIBERAL

En cumpríndose un ano do radical xiro neoliberal da política económica do goberno Zapatero, e no contexto dos aterradores datos sobre paro xuvenil en España –un 43%– e de respostas sociais como a convocatoria de manifestacións en 50 cidades do Estado español este 15 de maio, o xornalista Ander Carazo entrevistou a **Antoni Domènech**, catedrático de Filosofía do Dereito, Moral e Política na Universitat de Barcelona e editor da revista *Sin Permiso*



ANDER CARAZO
Axencia Colpisa

Entrevista cedida a *Altermundo* por Antoni Domènech

A que se debe que a taxa de desemprego xuvenil en España sexa a máis alta de toda a OCDE? Que se fixo mal durante os anos de “bonanza” para ter actualmente unha taxa de paro do 40 por cento?


As causas desa enorme taxa de desemprego xuvenil son varias, claro, e arraigan fondo no tipo de economía que terminou configurando en España a “transición democrática”.

Cando, para contrastar coa situación actual, se fala de “anos de bonanza”, hai que lembrar axiña que eses anos nos que se rexistraron taxas de crecemento do PIB por riba da media europea fundáronse en boa medida no abraiante crecemento da burbulla inmobiliaria e no non menos asombroso crecemento do endebedamento privado –das familias e das empresas. Coas consecuencias que agora se ven, pero que anticiparan tantos e tantos aos que ningún fixo caso no seu momento. Por mencionar algunhas, seica as máis importantes:

1) Os salarios reais non aumentaron en todo o que levamos do século XXI: en troques, a demanda efectiva foi alimentada polo endebedamento das familias españolas con crédito barato, un endebedamento con crédito barato ofertado pola banca e as caixas españolas, que á súa vez se endebedaban coa banca estranxeira –singularmente a alemá.

2) Non só os salarios reais non medraron, senón que a participación da masa salarial na riqueza nacional non fixo máis que reducir nas últimas décadas, mentres aumentaba a participación nela dos beneficios empresariais e, sobre todo, a das ganancias rentistas e especulativas –inmobiliarias, financeiras, de aseguradoras e oligopólicas.

3) Á vez que a “ilusión de riqueza” xerada pola inflación de activos –sobre todo, vivenda– estimulaba artificialmente a demanda efectiva e desbarataba a loita sindical –para que librar batallas salariais, se se podía conseguir crédito barato para financiar activos (como a vivenda) que non farían senón subir e subir, ofrecendo así novas oportu-



tidades para posteriores créditos?–, socavaba tamén a competitividade internacional da economía produtiva española ao aumentar o custo básico da vida para a poboación traballadora –o increíble prezo que a vivenda chegou a alcanzar en España é un compoñente fundamental do custo da vida, e ese custo é, para a competitividade, moito máis importante e decisivo que o “custo do factor traballo” no que tan interesada como igno-

rantemente insisten cada día os economistas neoliberais. E para facelo breve e reducidos ao máis importante no contexto da súa pregunta: 4) O masivo endebedamento privado dos últimos lustros permitiu unhas contas públicas “saneadas” en que fundar políticas públicas máis ou menos –menos que máis, hai que dicilo– sociais. É un problema puramente contábel: a igualdade de condicións na balanza comercial, o endebe-

damento privado vai da man do superávit público, e ao revés, só o déficit público enxuga o endebedamento privado: así actúan os estabilizadores automáticos da economía. Ao estourar a burbulla inmobiliaria e quedar ao descuberto o enorme volume do endebedamento privado español, os estabilizadores automáticos levaron ao endebedamento público. As ideas de austeridade fiscal impostas agora a España e a outros países periféricos pola UE van totalmente a contra-fío diso, que nin sequera é unha verdade da teoría económica, senón unha verdade simplemente contábel, máis elemental. Levamos agora un ano dese tipo de políticas procíclicas suicidas, incapaces de recoñecer a raíz última do problema. E o resultado está xa á vista: esborrállase a demanda efectiva, os ataques especulativos á débeda soberana española non cesan –tamén porque ao persistir o esborralle da actividade económica, a recadación fiscal baixa, o que agrava os problemas da débeda pública–, as familias e as empresas produtivas españolas teñen problemas para despalancar a súa débeda, medran a morosidade, os concursos de acredores e os desafiuzamentos? E seguen crecendo a precariedade laboral e o paro, cada vez con menor cobertura pública. Particularmente, o paro xuvenil: xa ve vostede que a tan cacarexada “xeración de españois máis preparados da historia” empeza a buscar a vida en Alemaña, como tiveron que facer os seus sufridos avós baixo o franquismo.

Todo o mundo fala de mobilización ou protesta, pero a cidadanía española segue estática. Cre posible algún tipo de rebelión social?

A ilusión de riqueza dos “anos de bonanza” é en boa medida responsábel diso. Como xa lle observei na cuestión anterior, a resposta tradicional ao estancamento dos salarios reais eran as loitas obreiras e sindicais. Ao que asistimos nestas últimas décadas, e non só en España, é ao ensaio doutra vía, a vía que, se vostede quere, pode chamarse “neoliberal”: e é a vía do endebedamento privado con crédito barato creado da nada por entidades financeiras privadas e apoiado polos gobernos con políticas económicas de tipos baixos e inflación de activos –o que na prensa se coñece como “economía da burbulla”–: iso substituíu aos aumentos dos salarios reais como dinamizadores da demanda efectiva, e ao propio tempo, desactivaba a loita sindical e desbarataba a autoconsciencia e a cultura solidaria da poboación traballadora.

É unha desgraza que os sindicatos europeos e norteamericanos non acabasen de entender cabalmente ese proceso, e que se deixasen arrastrar –e sigan a fa-



celo– queiras que non a unha táctica, tan regresiva como suicida, do mal menor. Pero o resultado está á vista: en 20 anos, a taxa de afiliación sindical caeu máis ou menos nun 50 por cento nos países da OCDE, señaladamente no sector privado. E agora atopámonos no final dese proceso: aínda á conta de afundir a economía con políticas de austeridade fiscal disparatadamente procíclicas, díriase que as clases reitoras buscan aproveitar a terribel crise dun tardocapitalismo financiarizado entolecido –basta ver a película *Inside jobs*– para dar a puntilla final aos restos da gran conquista do antifascismo que foi o Estado Democrático e Social de Dereito.

As xentes do común, como mostran todas as enquisas, danse perfecta conta diso: saben que a democracia foi secuestrada por unha aristocracia financeira internacional capaz de impor sen demasiados recatos a súa política a gobernos democráticamente elixidos, da cor que sexan. Por moitos motivos que non podemos discutir aquí –entre eles as enormes portas giratorias que se abriron nas últimas décadas entre o mundo da política e o mundo dos negocios: pense en Aznar, en Felipe González, en Pedro Solbes, en Joschka Fischer, etc.–, a chamada “clase política” acomodouse a iso, e está en vías dun desprestixio popular que non se lembraba en Europa desde os anos 20 e 30 do século pasado.

Reacción social, tarde ou cedo, vaina a haber: diso non lle caiba a menor dúbida. A dúbida razoábel é máis ben en que consistirá: nunha firme resposta maioritaria popular democrática, ilustrada, de tendencia anticapitalista, ou nun desnortado estoupido de rabia e odio cegos, antirracionalistas, e polo mesmo, manipulábeis polas extremas dereitas minoritarias xenófobas e nacionalistas. Neste último caso, augúro lle transformacións estupefacientes na vida intelectual –xa empezamos a velas–: volveríamos constatar o que Walter Benjamin deixou escrito para a Europa dos anos 30, e é a saber: que o fascista non é senón un liberal disposto a che-

gar até as últimas consecuencias do liberalismo –no sentido europeo do termo.

Moitos autores falan de que hai unha crise de civilización que provocará un cambio de era, o ve posible?

Non só posible: é feito probábel, e até, se me apura, ineluctábel. Vexa a diferenza coa Gran Depresión dos anos 30: entón tratabase dunha das maiores crises coñecidas polo capitalismo, unha crise económica. Agora temos unha crise económica capitalista –unha das tres maiores da súa historia–, pero temos tamén unha crise enerxética –estamos nunha fase de transición cara a unha vida económica non fundada nos combustíbeis fósiles, que se esgotan– e unha crise ambiental sen precedentes, cuxa punta máis visíbel –pero desde logo non a única– é a catastrófica mudanza climática en cerces. Os próximos 20 ou 30 anos van ser cruciais tanto para a crise enerxética –estamos na obriga de cambiar de base– como para a crise ambiental –nuns poucos anos, por seguir co exemplo, as consecuencias do cambio climático serán de todo punto irreversíbeis. Comparada con esas enormidades ás que nos levaron as forzas dexeneradas do tardocapitalismo, a súa crise económica actual é até unha nadería. Todo contado, as forzas dinámicas capitalistas, e a cultura material e intelectual por elas modelada, foron unha aberración civilizatoria. Unha aberración que se fixo, ademais, socialmente obsoleta, como o proba o feito de que boa parte das políticas menos insensatas dos gobernos procapitalistas actuais pasan por obrigar aos capitalistas a facer de capitalistas e a investir en procesos produtivos! Marx, ao que ignorantemente acúsase tantas veces de “determinismo histórico”, falou dun posible unhappy end con “común afundimento das clases en loita”. Ninguén sabe como rematará isto, pero o posible final infeliz sería peor aínda que o imaxinado polo vello. A dixuntiva é clara e perentoria: máis capitalismo e barbarie descivilizatoria ou máis democracia e socialismo recivilizador. ●



O VOTO INDIGNADO ANTISISTEMA



JORDI CALVO
Investigador do Centro Delás de Estudos pola Paz de Justicia i Pau

As manifestacións do pasado día 15 de maio, convocadas principalmente a través das redes sociais, tiveron un resultado moi positivo. Milleiros de persoas saíron á rúa en 50 cidades españolas gritando consignas que, cando menos, descargaban unha indignación reprimida, que desde arriba ninguén parece querer escoitar. Indignarse, cabrearse, alporizarse e mostrar esa rabia é un necesario primeiro paso para algo máis. *Democracia real xa* demostrou que non fai falta ser un sindicato, unha ONG ou un colectivo estruturado para organizar unha protesta con éxito. Este movemento cidadán está retomando prácticas baseadas na espontaneidade, que dan frescura a unha esquerda que ás veces perde demasiadas enerxías en inter-

minábeis xuntanzas para decidir que non poden decidir nada conxuntamente. O entusiasmo, a ledicia e a creatividade das revoltas de internet son un sopro de aire fresco nunha esquerda obsesionada por mostrar o seu logo, bandeira ou siglas, resultado da lóxica electoralista á que nos arrastra a democracia irreal que temos.

Máis votar o vindeiro domingo é algo tamén importante. Aínda que non hai que deixar de facer política sen os partidos, ou á marxe dos mesmos, é importante participar tamén votando contra todo o que se coreaba de poder democrático de onte. Sendo conscientes de que desde arriba non virán as mudanzas, senón que é máis ben tarefa de cadaquén, podemos conseguir espazos de

liberdade en concellos e gobernos autonómicos, podemos introducir voces discordantes e amolar, tamén desde os espazos oficiais, a ese conglomerado de políticos-empresarios-banqueiros que están representados polos partidos maioritarios.

Hai quen dirá que o voto antisistema non existe, que o verdadeiramente antisistema é non votar. Non estou totalmente en contra desta opción e, quen non vote, está no seu dereito e pode facer un gran traballo político desde outros espazos. Pero, se non conseguimos sacar do reducido espazo de poder democrático que conseguimos con moito sacrificio neste país, a adineirados e corruptos políticos, herdeiros dunha ditadura coa que aínda non rachamos, chegará

un intre en que non haberá volta atrás. Votar contra o sistema é votar contra os partidos que representan as ideas nas que se constrúe un mundo peor. Votar contra o sistema é votar contra racistas, homófobos, machistas, militaristas, represores, corruptos e egoístas. Votar contra o sistema é votar por construír unha sociedade baseada na solidariedade, a convivencia, a igualdade e a liberdade –máis non da que proclama o PP, que é unicamente a dos mercados. Afortunadamente hai papeletas, moitas –se cadra demasiadas–, nas que temos a opción de mostrar o noso inconformismo. Non esquezamos que os de sempre irán votar, fagámolo tamén nós, indignados, para construír desde todas as fronteas a nosa propia revolución. ●

A ARROGANCIA DO IMPERIO



LEONARDO BOFF
Teólogo e filósofo brasileiro

www.adital.com.br

Cóntome entre os que se entusiasmaron coa elección de Barack Obama para presidente dos Estados Unidos, especialmente vindo logo de G. Bush Jr, presidente belicoso, fundamentalista e de pouquíssimas luces. Cria este na inminencia do Armagedón bíblico e seguía ao pé da letra a ideoloxía do *Destino Manifesto*, texto inventado pola vontade imperial norteamericana para xustificar a guerra contra México, segundo o cal EUA sería o novo pobo escolleito por Deus para levar ao mundo os dereitos humanos, a liberdade e a democracia. Este convencemento da propia excepcionalidade traducíuse nunha arrogancia histórica que fixo que EUA arrogase o dereito de impor ao mundo enteiro, pola política ou polas armas, o seu estilo de vida e a súa visión do mundo.

Esperaba que o novo presidente non fose xa refén desta nefasta e imaxinaria elección divina, pois anunciaba no seu programa o multilateralismo e non a hexemonía, pero tiña as miñas dúbidas, pois por detrás do *Yes, we can* podía agacharse a vella arrogancia. Ante a crise económico-financiera pregoeaba que EUA demostrara na súa historia que podía todo, e que a superar a actual situación. Agora, con ocasión do asasinato de Osama bin Laden ordenado por el –nun estado de dereito, que separa os poderes; ten o executivo o poder de matar, ou iso é competencia do xudicial que manda prender, xulgar e castigar?– caeu a máscara. Non puido esconder a arrogancia atávica. O presidente, de extracción humilde, afrodescendente, na-



do fóra do continente, primeiro musulmán e despois evanxélico convertido, dixo claramente: “O que aconteceu o domingo é unha mensaxe para todo o mundo: cando dicimos que nunca imos esquecer, estamos falando en serio”, que é como dicir: “terroristas do mundo enteiro, imos asasinarlles”.

Así revélase, sen medias palabras, toda a arrogancia e a actitude imperial de se poñer por riba de toda ética. Isto faime lembrar a frase dun teólogo que serviu doce anos como asesor da ex-Inquisición en Roma e que veu solidarizarse como cando sufrín o proceso doutrinario. Confesoume: “Aprenda da miña experiencia: a ex-Inquisición non esquece nada, non perdoo nada e cóbrase todo; prepárese”. Efectivamente, así foi o que sentín. Peor lle ocorreu un teólogo moralista, queridísimo en toda a cristiandade, o alemán Bernhard Häring. Cun cancro de gorga que case non lle permitía falar foi sometido a un rigoro-

so interrogatorio na sala escura daquela instancia de terror psicolóxico por causa dalgunhas afirmacións sobre a sexualidade. Ao saír confesou: “este interrogatorio foi peor que o que sufrín baixo as SS nazis durante a guerra”, o que significa: pouco importa a etiqueta, católico ou nazi, todo sistema autoritario e totalitario obedece á mesma lóxica: véngase de todo, non esquece e non perdoo.

Así o prometeu Obama e propónse levar adiante o estado terrorista creado polo seu antecesor, mantendo a Lei Patriótica que autoriza a suspensión de certos dereitos e a prisión preventiva de sospeitosos sen avisar sequera aos seus familiares, o que se converte en secuestro.

Non sen razón escribiu o noruegués Johan Galtung, o home da cultura da paz, creador de dúas institucións de investigación sobre a paz e inventor do método Transcend na mediación dos conflitos –unha especie de política do gana-gaña: tales

actos aproximan a EUA a un estado fascista.

A verdade é que estamos ante un imperio. É a consecuencia lóxica e necesaria do presunto excepcionalismo. É un imperio singular, baseado non nunha ocupación territorial ou en colonias, senón en 800 bases militares espalladas polo mundo, a maioría innecesarias para a seguridade estadounidense. Pero están aí para meter medo e garantir a súa hexemonía no mundo. Nada diso foi desmontado polo novo emperador, que non pechou Guantánamo como prometera e aínda enviou trinta mil soldados a Afganistán para unha guerra perdida de antemán.

Podemos estar en desacordo coa tese básica de Samuel P. Huntington no seu discutido libro *O choque de civilizacións*, pero hai nel observacións dignas de atención: “a creenza na superioridade da cultura occidental é falsa, inmoral e perigosa”. Mais aínda: “a intervención occidental probablemente constitúe a fonte máis perigosa de inestabilidade e dun posible conflito global nun mundo multi-civilizaciónal”. Pois ben, as condicións para semellante traxedia están sendo creadas por EUA e os seus aliados europeos.

Unha cousa é o pobo estadounidense, bo, traballador, e algo inxenuo, que admiramos, e outra o goberno imperial, que non respecta os tratados internacionais que van contra os seus intereses e que é capaz de todo tipo de violencia. Pero non hai imperios eternos. Chegará o momento en que será un número máis no cemiterio dos imperios desaparecidos. ●



CADTM

www.cadtm.org

HAI QUE ACABAR CO FMI

Desde hai uns días, todos os medios de comunicación internacionais informan dunha posíbel agresión sexual cometida por Dominique Strauss Kahn en Nova York, e a foto do director xeral do FMI esposado deu a volta ao mundo. Queremos denunciar outro tipo de escándalo: as accións do propio FMI.

Ao contrario do que proclaman os seus responsábeis, o FMI non é a institución que axuda aos países en crise, senón a que impón programas draconianos de austeridade e que defende un modelo económico estruturalmente xerador de pobreza e desigualdade. É o propio accionar do FMI e daqueles que sosteñen a mundialización neoliberal o que fai recaer o peso da crise sobre as poboacións, que son as súas primeiras vítimas. Se se pode falar de rescate neste asunto, trátase máis ben o dos bancos, mentres os pobos son sacrificados. Profundamente antidemocrático, xa que os países máis ricos dispoñen de máis da metade dos votos no seo do consello de administración, o FMI é de feito un instrumento das grandes potencias utilizado para vixiar o mantemento do sistema capitalista e dos intereses das grandes sociedades transnacionais.

Moi activo durante varias décadas en África, en Latinoamérica, en Asia e en Europa do Leste, aproveitou a crise que estoupou nos anos 2007-2008 para introducirse solidamente na Europa occidental. Así impón aos pobos dos países máis industrializados as mesmas receitas nocivas que

levaron a unha trágica ruela sen saída aos países do Sur que as aplicaron.

[...] En abril de 2009, en Londres, o cume do G20 decidiu reflotar o FMI co fin de permitirlle intervir nos Estados sobre endebedados. Gran gañador desa operación, o FMI viu como



as súas capacidades de préstamo triplicábanse de 250.000 a 750.000 millóns de dólares. Por primeira vez, o FMI pode tamén pensar en pedir préstamos nos mercados financeiros. Logo dunha grave crise de lexitimidade a comezos dos anos 2000, debido ao fracaso das súas políticas nos países do Sur e ás numerosas rebelións anti-FMI, parece que os tempos de vacas fracas remataron para esta institución. En consecuencia, en menos dun ano abriu unha liña de crédito nunha decena de países europeos.

Nese contexto, DSK esfórzase por comunicar a idea dun FMI novo, en ruptura cos erros do pasado... Con todo, a lóxica das políticas impostas non mudou. Un verdadeiro furacán de austeridade abátase sobre Europa [...]. Os exemplos son numerosos.

O FMI suspende un crédito a Ucraína como consecuencia da decisión do goberno ucraíno de aumentar o salario mínimo; para poder continuar recibindo financiamento por parte do FMI e da Unión Europea, Letonia debe reducir drasticamente os salarios dos funcionarios e as pensións de xubilación; Grecia debe aceptar unhas privatizacións maiores que as previstas inicialmente e cuestionar a continuidade de moitos dereitos sociais; Islandia, para recibir o aval do FMI, busca canear a vontade popular que xa se expresou por referendo, en dúas ocasións, contra o pagamento da débeda. En todos lados, o FMI dá a razón aos banqueiros en contra dos intereses dos pobos.

[...] o actual sistema internacional non é só capitalista senón tamén patriarcal e machista. Só foron homes, até agora, os presidentes de institucións como o FMI, o Banco Mundial e a OMC. O machismo e o carácter patriarcal van automaticamente á vez con comportamentos de dominación, de acoso ou de violencia sexual. ● ["FMI, lamentable symbole d'un système capitaliste et patriarcal". **Stéphanie Jacquemont, Damien Millet, Eric Toussaint, Christine Vanden Daelen 18/05/11**]

Escolar.net

www.escolar.net

Fartos de votar e calar

De verdade hai que explicar as causas? Hai aínda quen se sorprenda de que nun país europeo, que presume de sentar no G-20, que até hai nada dicía ser a sétima potencia económica do planeta, estoupou as protestas cando se alcanza un 45% de paro xuvenil; cando un 63% dos cidadáns vive con mil euros ou menos ao mes mentres as grandes empresas baten marcas de beneficios e de soldos para os seus altísimos directivos; cando máis dun cuarto de millón de familias son desafuzadas por non pagar a hipoteca mentres a mesma banca que lles deixa sen casa pero non sen débedas leva, de premio, case dous puntos do PIB en plans de rescate públicos? O raro é que todo isto non acontecese antes. Até alguén tan pouco sospeitoso de antisistema como o presidente do Foro Económico Mundial, Klaus Schwab, advertiu de que en España se xuntaban todos os ingredientes para unha revolta xuvenil, para "un novo maio do 68". Ilegalizar as manifestacións para tapar a boca dos descontentos, como fixo a Xunta Electoral de Madrid, non vai servir para calar as protestas, senón que as vai acender aínda máis.



Pensan no PP que isto lles vai beneficiar. Se cadra si, e este domingo poidan celebrar que o desencanto coa política -a permanente dúbida da esquerda que de cando en cando asalta aos disciplinados votantes da dereita- lles dea unha vitoria histórica. Está por ver. Mais trabúcanse se cren que esta nova democracia máis participativa, que balbucea as súas primeiras palabras en 140 caracteres, segue a ser a de votar e calar. ● ["Hartos del votar y callar". **Ignacio Escolar, 19/05/11**]

ESQUERDA.NET

www.esquerda.net

Extremismo de gravata

[...] Responsabilidade non é pedir prestado ao FMI para pagar unha débeda que non coñecemos. Para nos defendermos do calote é preciso pedir a factura discriminada, ou sexa, unha auditoría da débeda. Haberá con certeza unha parte que provén de contratos lexitimos do Estado, mais non debemos aceptar pagar por contratos corruptos ou xuros especulativos, esa parte non nos pertence. [...] Seriedade é renegociar a débeda para evitar o ciclo da recesión no que vemos a Grecia ou Irlanda. A idea de que un país para medrar terá antes de ficar máis pobre non pasa do puro radicalismo, extremismo ideolóxico de quen non quere cuestionar lóxicas rentistas. A única cousa que o separa doutros extremismos igualmente absurdos é que pasa en horario nobre e usa gravata. ● [**Mariana Mortágua, 18/05/11**]



PRESSENZA: presenza.com



De José Luís Sampedro a Democracia Real Xa!

[...] Agora é a vosa quenda, moito máis importante. Ilusióname ver que os receptores da mensaxe, moi certamente, comprendestes que non basta con indignarse, que é necesario mudar a indignación en resistencia e dar un paso máis. O momento histórico impón a acción, a mobilización, a protesta, a rebelión pacífica. O chamamento a indignarse non debe quedar nun best-seller doadamento dixeribel polo sistema e así o estades a demostrar con esta convocatoria. Por iso me adhiro ás vosas reivindicacións, fago meu o manifesto, solidarízome e desexo un clamoroso 15-M... ● [**J.L. Sampedro, 15/05/11**]


REBELIÓN: www.rebelion.org



Sol e chuvia para unha primavera en Madrid

[...] Non é gran cousa, pero é moito para un país con cinco millóns de parados, un millón e medio de familias con todos os seus membros en paro e sen prestacións, endebedado até as orellas, vendido e revendido ao mellor ofertante, traizoado polas súas organizacións sindicais, cun sector público ameazado, cunha clase política desprestixiada e sen ningún referente político de esquerdas que esperte, non xa paixóns, nin sequera simpatías. É moito para a desmobilización xeneralizada que se expande coas derrotas... ● ["Apuntes de Sol y lluvia en Madrid". **Ángeles Díez, 19/05/11**]

A REVOLTA...: revoltairmandinha.blogspot.com



Adeus à educação inclusiva em Galiza

[...] as lógicas do sistema teñem de ser inescrutáveis pois o que agora se tenta levar avante desde a Junta de Galiza -mas nom pára aquí a cousa, Galiza é apenas o campo de provas- é a separación por grupos em função de rendimentos ou problemáticas que cada aluna e alumno apresentem sob pretexto de dar tratamento mais eficaz aos casos particulares. A diversidade de classes presentes em cada sala de aulas minguará drasticamente e a percepção que o estudantado tenha da realidade social do mundo exterior se distorcerá... ● [**Héctor R. Vidal e Antom Fente, 18/05/11**]

GALIZIA ECO...: galiziacosocialista.blogspot.com



Democracia real? Por suposto!

[...] Iniciativas como 'Democracia Real, Ya!' ou 'Galiza Non Se Vende' son máis que necesarias pero non se poden converter en incompatibles coas estruturas de intermediación que representan hoxe por hoxe as forzas políticas. Se é así terán longa vida e serán capaces de influír no cambio de modelo político e económico; senón no mellor dos casos converteranse nun instrumento táctico que mesmo poden correr o risco de ser utilizados conxunturalmente por intereses espurios. Xa que logo, indignarse é necesario pero rebelarse é aínda máis imprescindible. ● [**Xoán Hermida, 17/05/11**]